

SÁBEME

a túa pel tersa

a centeo das rochas

acugulado de aires oceánicos, vendavais, brisas suaves

e círculos perfectos de aves atlánticas.

Percorrendo cobizosa o teu corpo,

atopo buguinas nacaradas nas túas axilas,

sabores a sal,

deliciosas algas,

nádegas incríbeis e nadadoras,

columna vertebral elástica e fragrante,

movementos amplos,

palpitares intensos.

Procuro a túa lingua entre os beizos tremecentes

e é a túa boca marusía incesante, espazo de auga

en movemento,

saír e entrar de líquido,

pracer belísimo,

fermoso rezumar de amor e flores brancas.

O teu corpo lévame onda as rosas profundas

e ofréceme gustoso un ceo de grans brillantes.

Quero as cunchas do teu tórax, as ondas do

teu lombo,

os ruídos mariños,  
o xemer deste océano de augas altas e intensas.

Esvaran polas túas inguas pequenos anacos de mar  
e déixome levar polas sinuosidades diúrnas.

O TEU corpo é un mapa,

unha carta mariña.

(Escóitanse nas túas inguas os berros das gaivotas  
e o mar resplandece sobre as nádegas belísimas.)

Ás veces,

fago anotacións

nos teus ombreiros salgados

e bícote e acaríciote con tenrura mariña.

(As rochas albíscanse dende as túas alturas  
e súcante arroaces en direccións dificultísimas.)

O teu corpo é un mapa,

unha carta mariña.

Percórrente correntes vagarosas e incríbeis

e es areeiro turxente de dunas e caricias.

Millas de tentacións, amplitude grandísima,

tórax auténtico e terso, cabo de ondas e desexo.

O teu corpo é un mapa,

unha carta mariña.

Procuero nas túas areas a flor máis prezada do mar

e exploro este enorme océano con incansábel xiria.

QUERO amarte no tempo  
no que as herbas olorosas asolagan o ambiente.  
As raiolas de sol esfiáñanse entre os dedos  
e son as miñas xemas caricias de seda polo teu lombo.

Quero amarte fronte ao océano amplo  
que se embravece ao lonxe  
mais na beira relampa.  
Nas tardes de azul e salitre, nas veigas de  
aromas  
elegantemente doces de esporas e de sombras.

Quero amarte no arrecendo a resina,  
no anaco de profundidade  
dun ceo pleno e auténtico.  
Na tarde de agosto que transmite presenza,  
nos lagos de auga e sal das rochas iluminadas...

Quero amarte nos lugares frescos das puzas e as pereiras,  
nas herbas secas que apañas con tenrura,  
na serenidade das horas luminosas de pálpebras e sono,  
na fragancia fonda do hortelán e a menta.

Nos fentos vigorosos dos eirados senlleiros,  
na brisa que se move entre as luces e as faces,  
no lugar do centeo e das cálidas caricias.

Quero amarte na frescura dun tempo

que salaia ditoso

e é beleza da tarde.